



CIRCULAR INFORMATIVA 6/2024

1. ACLARACIÓN EN CANTO ÁS CONTAS 2022 E AUDITORÍA PUBLICADAS NA PÁXINA WEB

Na xunta xeral do pasado 20.03.2024 un colexiado comentou que a auditoría de contas do ano 2022 publicada na páxina web fora modificada e publicada de novo. Ante esta afirmación esta Xunta de Goberno considera oportuno aclarar o seguinte:

As contas correspondentes ao ano 2022 foron aprobadas por acordo unánime da Xunta Xeral na sesión ordinaria do 27.02.2023. Ao coincidir coa renovación de parte da Xunta de Goberno nas eleccións de decembro de 2022, debe realizarse ademais unha auditoría sobre o último exercicio, tal e como se esixe nos estatutos deste colexio.

Unha vez contratada e realizada por un auditor independente, a dita auditoría foi publicada na páxina web, no apartado Portal de transparencia, non obstante, unha vez publicada detectouse un erro material na súa páxina 28, relativo á cantidade de gastos de representación. O dito erro foille posto de manifesto ao auditor quen, unha vez comprobado, procedeu a corrixilo e emitiu unha certificación sobre a modificación e o motivo do erro. Posteriormente, a auditoría volveuse publicar na páxina web.

Os documentos «informe da auditoría» e «certificado de corrección do erro» están publicados na páxina web do colexio, no apartado Portal de transparencia. Tamén neste portal se pode consultar a conta de perdas e ganancias aprobada pola Xunta Xeral o 27.02.2023.

<https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/contas-anuais/>

2. APROBACIÓN DAS CONTAS 2023

Por acordo da Xunta Xeral do 20.03.2024 foi aprobada a conta xeral de gastos e ingresos do colexio correspondente ao ano 2023, con 75 votos a favor (71 exercentes e 4 non exercentes), 30 en contra (29 exercentes e 1 non exercente) e 7 abstencións. De acordo co artigo 103.2 dos estatutos, o voto dos exercentes ten valor dobre.

A conta de perdas e ganancias está publicada no Portal de transparencia da páxina web do colexio.